



RESOLUCIÓN pola que se modifica a composición do tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias da Vida (Praza núm. 2).

Por Resolución do 22 de maio de 2025 (DOG núm. 110, do 11 de xuño de 2025) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida (praza núm. 2).

De acordo co artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria, por resolución do 11 de setembro de 2025 da Dirección da Axencia, nomeouse o Tribunal de Selección.

Por resolución do 30 de setembro de 2025, advertido erro nunha das persoas que compoñen dito tribunal, procedeuse á súa corrección.

Polo anterior, de acordo co previsto polo artigo 10.1 das Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, esta Dirección

RESOLVE

Nomear secretario suplente do tribunal de selección a Juan Carlos Porrúa Parda, funcionario de carreira do corpo superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelos Queijo

